

Praza número: 19/1407

Número de prazas: 1

Categoría: Asociado/a

Dedicación: Parcial P03

Área de coñecemento: Didáctica da Expresión Plástica

Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

Docencia: Materias da área

Centro: Facultade de Ciencias da Educación

Unha vez que se viu a proposta formulada pola Comisión encargada de xulgar o concurso para a provisión da praza enriba indicada.

Unha vez que se viu o acordo adoptado pola Comisión de Reclamacións na súa reunión do 24 de xaneiro de 2020.

Esta Reitoría, no uso das facultades que lle confire o art. 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña, que se aprobaron por Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26), e en aplicación do disposto no apartado 10 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, que se aproba por acordo do Consello de Goberno do 30 de abril de 2014, resolve asignar a referida praza ao concursante **D/D^a. ÁNGELES DÍAZ SEOANE**.

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, 31/01/2020

O reitor,

Julio Abalde Alonso

Código Seguro De Verificación	uJwGYnnwzTbL/9nq8U2MqA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	03/02/2020 13:54:22
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/uJwGYnnwzTbL/9nq8U2MqA==		





Alberto Valderruten Vidal, vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente e presidente da Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado da Universidade da Coruña,

CERTIFICO:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado reunida o 24 de xaneiro de 2020, tomou os seguintes acordos en relación coa reclamación presentada na praza que se indica a continuación:

Praza: 19/1407

Categoría: Asociado/a. Tempo parcial P03
 Área de coñecemento: Didáctica da Expresión Plástica
 Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación
 Centro: Facultade de Ciencias da Educación
 Docencia: materias da área

ACORDOS:

Os membros da Comisión de Reclamacións logo de analizar o contido da reclamación presentada por dona **Irene Pan López**, a documentación dos/as candidatos/as e os informes do 09/01/2020 e 15/01/2020, realizados pola Comisión Encargada da selección da praza (o segundo a instancia da Comisión de Reclamacións na súa reunión do día 10 de xaneiro) acordan:

Ratificar todos os puntos dos anteditos informes, e estimar axeitada a valoración realizada pola Comisión de Selección do 09/01/2019, coas correccións realizada na súa reunión do 15/01/2020.

Incorpóranse a esta certificación os informes da Comisión de Selección do 09/01/2019 e do 15/01/2020.

Asino esta certificación co fin de que se proceda á súa publicación xunto coa resolución do concurso.

A Coruña, 30/01/2020

Rúa da Maestranza, 9 15001 A Coruña.
 T 981 167 000 Ext.: 1072 Fax: 981 167020 Ext.:1043
 e-mail: xestionpod@udc.es

1

Código Seguro De Verificación	x41YW4NNjtGV0RS1JI4BYA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	30/01/2020 11:44:10
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/x41YW4NNjtGV0RS1JI4BYA==		



Praza número:19/1407 **Número de prazas:** 1

Categoría:Asociado/a

Dedicación: Parcial P03

Área de coñecemento:19/1407

Departamento:Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

Docencia:Materias da área

Centro:Facultade de Ciencias da Educación

INFORME DA COMISIÓN

(A cumprimentar no caso de reclamacións ou de proposta de non provisión da praza)

Reunida a comisión de selección correspondente á praza 19/1407 o día 9 de xaneiro do 2020, as 10:30 na sala de xuntas do decanato da Facultade de Ciencias da Educación, acorda emitir o seguinte INFORME sobre a reclamación da candidata Dña. Irene Pan López.

En relación co apartado II.1 a comisión entende que o programa de doutoramento realizado non se corresponde nin coa área nin co perfil da praza (Didáctica da Expresión Plástica). Por este motivo acorda multiplicar a puntuación por cero, tal e como recolle a normativa cando di "O mestrado universitario ou o programa de doutoramento multiplicarase ata por 2 segundo a súa afinidade coa área". A comisión recolleu este criterio no baremo aplicado e feito público na web da UDC cando di "non se valorarán os méritos que non coincidan ca área e perfil da praza"

En relación co apartado II.2 a comisión entende que , como no caso anterior, o tema da súa tese de doutoramento non ten nada que ver coa área e perfil da praza obxecto de concurso. Neste caso a normativa permite multiplicar ate por 2,5 segundo a súa relevancia e afinidade coa área, polo que a súa cualificación foi multiplicada por cero.

En relación co apartado III.4 a comisión aplicou de novo o sinalado na normativa cando di "as puntuacións dos apartados III.1 a III.6 poderán multiplicarse por un coeficiente entre 0 e 1 segundo a súa afinade á área". Por este motivo multiplicouse por 0 a súa puntuación no apartado III.4 por non ter afinidade algunha coa área e perfil da praza a concurso.

En relación co apartado III.7 a comisión non atopa méritos computables xa que a experiencia da candidata pouco ten que ver coa área de Didáctica da Expresión Plástica.

En relación co Bloque V e os seus subapartados a comisión recorda que especificamente este bloque fai referencia a "experiencia investigadora relacionada coa área". De novo os méritos achegados pola candidata quedan moi lonxe da área de Didáctica da Expresión Plástica.

Por último, en relación co Bloque VI a comisión ten que facer de novo referencia ao establecido na normativa, xa que este bloque no seu conxunto ten que ver con "Actividade profesional relacionada coa praza, fóra do ámbito académico universitario". Revisada a súa folla de servizos pódese observar que a única actividade profesional na que desempeña funcións relacionadas coa área foi a correspondente ao código 597038 na que desempeñou tarefas docentes en Educación Primaria durante un período de 9 meses e 16 días. A comisión decidiu asimilar este período de tempo ao equivalente a un ano (un curso escolar) aplicandolle o establecido na normativa: "7 puntos por ano". O resto da súa actividade profesional relacionada co ensino do inglés, con actividades de orientación ou de Pedagogía Terapéutica non se consideran relacionadas coa praza.

A Coruña, 9 de decembro de 2020

Vº. e Pr.
O presidente,



Manuel Bello

O secretario,



Teresa S. Garcia Red

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
uGIDJ39hsGp91jGog+eq9w==	Asinado	30/01/2020 11:44:09
Asinado Por	Páxina	1/1
Observacións		
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/uGIDJ39hsGp91jGog+eq9w==	



Praza número:19/1407 Número de prazas: 1

Categoría:Asociado/a

Dedicación: Parcial P03

Área de coñecemento:19/1407

Departamento:Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

Docencia:Materias da área

Centro:Facultade de Ciencias da Educación

INFORME DA COMISIÓN

(A cumprimentar no caso de reclamacións ou de proposta de non provisión da praza)

Reunida a comisión da plaza 19/1407 o día 15 de xaneiro do 2020 ás 17:00 horas na sala de xuntas da Facultade de Ciencias da Educación, co obxecto de dar cumprimento ao acordo da Comisión de Reclamacións da Universidade que, no seu oficio de 14/01/2019, número 101/111 solicita que "...se realice unha correcta valoración dos apartados II.1 e II.2 en relación aos méritos que achega dona Irene Pan López", INFORMA o seguinte.


En relación co apartado II.1 a Comisión de selección entende que os estudos de doutoramento realizados non se corresponden nin coa área nin co perfil da praza. Atendendo aos argumentos da reclamante, e ao que pide a Comisión de Reclamacións, a Comisión de Selección decide outorgalle 2 puntos no apartado II.1. Esta puntuación outórgase a pesares de que no baremo, non impugnado, a comisión estableceu que "Non se valorarán os méritos que non coincidan ca área e perfil da praza".

Posto que a Comisión de Reclamacións obriga a puntuar este apartado, a Comisión de Selección concorda coa puntuación sinalada pola reclamante cando alude á que se lle outorgou nun concurso semellante doutro Departamento con cuxo perfil e área tampouco existía afinidade.

Os mesmos argumentos pódense engadir en relación co apartado II.2, xa que a comisión de selección entende que, como no caso anterior, o tema da súa tese de doutoramento non ten nada que ver coa área e perfil da praza obxecto de concurso. De ter que outorgar puntuación algunha, a pesar de non existir afinidade, enténdese que poderían concederse ser 3 puntos.

A Comisión de Selección desexa chamar a atención sobre o feito de que o baremo da UDC non foi modificado dende a sentenza mencionada, polo que parece urxente proceder a actualizar o baremo de xeito que se eviten confusions deste tipo.

A Coruña, 15 de xaneiro de 2020

Vº. e Pr.
O presidente,

O secretario,



Código Seguro De Verificación	PhvzwPE2ain/eTobnRzkyg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	30/01/2020 11:44:10
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/PhvzwPE2ain/eTobnRzkyg==		



